

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIGO

#### Persoal, oposicións

#### RECTIFICACIÓN BASES REITORAS E CONVOCATORIA OEP 2014, 2015 E 2016

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018, aprobou as bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018 (Expte.. 31295/220).*

En sesión extraordinaria do 18 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo relativo á rectificación de erros detectados no acordo de XGL adoptado en data 21/03/2018 , no seguinte senso (Expte. 31869/220):

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (Expte. 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/04/2018 (Expte. 31723-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de **TÉCNICO/A DE XESTIÓN** (promoción interna), que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.

Así mesmo, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo relativo á rectificación de erros detectados no acordo de XGL adoptado en data 21/03/2018, no seguinte senso (Expte. 31938/220):

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (Expte. 31295-220) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/03/2018 (Expte.- 31706-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de **TÉCNICO/A MEDIO DE SISTEMAS** que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.
- Modificar tamén o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/03/2018 (Expte. 31295-220), unicamente no que se refire a redacción do apartado III relativo ao sistema de selección correspondente as prazas de **TÉCNICO/A MEDIO DE RELACIÓNS**



**LABORAIS** que deberá constar: “Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, entre o persoal integrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1 de titulación e, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contendo menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.

E, por último, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 24 de maio 2018, adoptou o seguinte acordo relativo á rectificación de erros detectados no acordo de XGL adoptado en data 21/03/2018, nos seguintes termos (Expte. 32033/220):

- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección dos erros materiais seguintes nas bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016 (Expte. 31295-220), que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018:

#### **A) O apartado 15.- Oficial de Policía Local, Base VII.- Baremo para o concurso de méritos, apartado 1.- relativo ás titulacións académicas**

Pasará a contar coa seguinte redacción:

“1. Titulacións académicas . As titulacións para baremar serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente. 0,50 puntos.

A puntuación máxima deste epígrafe 1, é de 4 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, debendo achegar o/a aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que esta se estableza e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.”

O mesmo erro por omisión das titulacións indicadas, debe corrixirse no cadro final da dita Base VII.



Xoves, 7 de xuño de 2018

Núm. 109

**B) O apartado 15.- Oficial de Policía Local, Base VIII.- Desenvolvemento do proceso.**

Pasará a contar coa seguinte redacción:

“Consistirá en contestar por escrito, nun prazo máximo de dúas horas, a un cuestionario tipo test de 120 preguntas, con 4 alternativas de resposta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Cualificarase polo órgano de selección de 0 a 10 puntos, sendo proceso conseguir cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/12$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.”

Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)”.

Contra os presentes acordos poderase interpoñer recursos potestativos de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

A xefa da Área  
de Recursos Humanos e Formación

*María Dapena Gómez*

O concelleiro-delegado da Área  
de Xestión Municipal e Persoal

(Delegación competencial por Decreto de Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/16, e acordos da XGL das mesmas datas)

*Javier Pardo Espiñeira*

